

As Bases definitivas da zona de concentración parcelaria de **CATOIRA SUR (CATOIRA - PONTEVEDRA)** foron aprobadas pola Xunta Local da zona na súa reunión do 28 de outubro de 2008.

A Disposición transitoria novena da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, na súa redacción dada pola disposición derradeira cuarta da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, sinala que *“O establecido no número 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, será aplicable a todos os procedementos de concentración parcelaria que se encontren en bases definitivas aprobadas e non acadasen aínda a aprobación do acordo no momento de entrada en vigor desta lei.”*

O antedito apartado 3 do artigo 41 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, dispón que *“Unha vez aprobadas as bases, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega que se presenten antes da data límite que determine para a zona a dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, por proposta do servizo provincial.”*

Vistas a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, a proposta do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, **RESOLVE** establecer, aos efectos previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, como data límite o **15 de outubro de 2021**.

A presente resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos no número 1 do artigo 42 da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

